

LAZZARO FELIZ

[Alice Rohrwacher, 2018]

457

ESTREA EN NUMAX: 09.11.2018 | V.O.S.E.

Lazzaro felice (2018, 130')

Dirección: Alice Rohrwacher

Guión: Alice Rohrwacher

Elenco: Adriano Tardiolo, Agnese Graziani, Luca Chikovani, Alba Rohrwacher, Sergi López, Natalino Balasso, Tommaso Ragno, Nicoletta Braschi, Leonardo Nigro

Son: Christophe Giovannoni

Montaxe: Nelly Quettier

Dirección de arte: Rachele Meliadó

Vestiario: Loredana Buscemi

Música: Lina Cardillo, Piero Crucitti

Fotografía: Hélène Louvart

Produtoras: Tempesta, Amka Films Productions, Ad Vitam Production (Italia, Suíza, Francia, Alemaña)

Distribuidora: Vértigo Films

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Italiano

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Mellor guión ex-aequo), Sitges 2018 (Premio Especial do Xurado e do Xurado Mozo)

FILMOGRAFÍA

De Djess, 2015 [curtametraxe]

El país de las maravillas, 2014

Corpo celeste, 2011

SINOPSE

Lazzaro, un rapaz labrego bondadoso, vive en La Inviolata, aldea que ficou afastada do mundo e é controlada pola Marquesa Alfonsina de Luna. A vida dos campesiños non mudou. Son explotados e, á vez, abusan da bondade de Lazzaro. Un verán faise amigo de Tancredi, o fillo da Marquesa. Unha amizade preciosa fará viaxar a Lazzaro a través do tempo e coñecerá o mundo moderno.

«A máis brillante e lírica aproximación ao cinema brillante e lírico. Atentos ao traballo proverbial de Adriano Tardiolo»

Luis Martínez, EL MUNDO.



“Mesturar fantasía e realismo é un trazo do meu país e de min”

Entrevista con Alice Rohrwacher
Por Marta Balaga

Lazzaro Felice xa che valeu comparacións con algúns directores consagrados. Sorpréndete? Só espero que non se ofendan [risas]. Non hai ningunha inspiración directa no meu cinema senón unha ampla admiración por toda unha constelación de mestres diferentes. Nin sequera podo nomealos porque estaría a marcar unha xerarquía que o meu corazón non sente. Están presentes no meu traballo pero a nivel inconsciente. Ademais, cando traballas con ducias de actores afeccionados, nenos e animais, grandes grupos e máquinas, non tes tempo de dicir: «gustárame que esta toma a fixésemos como el ou ela a fixeron antes». Italia está a cambiar e Roma xa non é o centro do traballo cinematográfico. Intercambiamos moitas cousas con outros cineastas e colaboramos e axudámonos. No pasado todo era tentar nomear o mellor director italiano. Agora non se trata de saber quen é o mellor senón de preservar un amplo abanico de diversidade.

Volviches optar por rodar en película. Por que? Son moi leal: se a xente non me manca ou non me traizo, quedo con

eles. O mesmo vale para o cinema. Nunca me decepcionou, nunca me causou problemas, así que non teño ningunha razón real para moverme ao dixital. É unha tecnoloxía poderosa, fermosa, tanxíbel. A película ten a súa propia vida e é completamente independente. É un trío de verdade: os actores, os directores e os rolos de película.

Lazzaro chámase así como referencia ao personaxe bíblico e Tancredo, polo líder da Primeira Cruzada. Desde sempre quixeches mesturar tantas mitoloxías diferentes aquí? Veño dun lugar moi mitolóxico. En Italia, as liñas entre ficción e realidade son borrosas. Somos un país onde pequenos feitos convértense en lenda e viceversa; por iso, cando nomeo os meus personaxes, a miúdo recorro a referencias literarias ou artísticas. Os seus nomes son os meus talismáns. Fíxate en Gelsomina en *El país das maravillas* e en Lazzaro aquí. Cando temos que elixir un nome para un neno, facemos o mesmo: non o chamariamos co nome de alguén que non nos gusta. Esta mestura de fantasía e realismo non é un trazo do meu cinema; é un trazo do meu país e de min.

Ao principio soñabas con facer documentais, verdade? Si pero son demasiado tímida. Nunca sería capaz de amosar xente real e crucificala despois. No caso deste filme, amoso aldeáns e granxeiros de verdade pero, a día de hoxe, teñen familias máis pequenas e non forman parte xa desta gran comunidade rural, así que non os observo directamente senón que actúan, finxen

ser alguén que non son. É unha ficción baseada na realidade.

A miúdo atopamos aspectos relixiosos no teu cinema. Por que che chaman tanto a atención? E iso que nunca puxen o pé nunha igrexa! Deberían facerme unha estatua [risas]. Non proveño dunha familia relixiosa. Nin sequera estou bautizada. Pero Italia é un país católico e comparto certa sensibilidade relixiosa, aínda que non ten nada que ver cos dogmas. Cando fixen *Corpo celeste* tiven que pescudar como se ensinaba relixión e en *Lazzaro feliz* hai moitas referencias católicas porque quen viven en La Inviolata son crentes. A relixión é unha das ferramentas empregadas para mantelos na escuridade.

Publicado en <https://cineuropa.org>
Tradución: Olalla Cociña

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
Faite NUMAX!

Abónate agora e ven sempre por